

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FEDERACIÓN GALEGA DE ASOCIACIÓNS EN FAVOR DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL OU DO DESENVOLVEMENTO (FADEMGA Plena Inclusión Galicia) PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN , MELLORA DA COMUNICACIÓN E PROMOCIÓN DA SAÚDE MENTAL COAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL NO SISTEMA SANITARIO PÚBLICO DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde asinou o 06.06.2023 coa Federación Galega de Asociacións en Favor das Persoas con Discapacidade Intelectual ou do Desenvolvemento (FADEMGA Plena Inclusión Galicia) o convenio arriba referido. O prazo de vixencia deste convenio será dende o día seguinte ao da súa sinatura até o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e FADEMGA Plena inclusión Galicia, para o desenvolvemento de actividades que teñan por finalidade a sensibilización dos profesionais do Servizo Galego de Saúde, a mellora da comunicación coas persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento, no ámbito do sistema sanitario público galego e a realización de actividades de formación en saúde mental e discapacidade a profesionais do ámbito da sanidade.

Que o convenio fundaméntase no seguinte:

As persoas con especiais necesidades de apoio derivadas de discapacidade intelectual ou trastornos do neurodesenvolvemento presentan un peor estado de saúde en comparación co resto da poboación, segundo se desprende de diferentes estudos realizados nos últimos anos.

Os principais factores que dan lugar a esta situación son: o estilo de vida (especialmente en canto á alimentación e á actividade física se refire), a compatibilidade con outras enfermidades físicas, os problemas de saúde asociados á propia discapacidade intelectual e á maior complexidade que nunha ampla porcentaxe dos casos supón a súa asistencia.

Respecto a este último factor, destacan as dificultades de comunicación, tanto para que os profesionais se expliquen de xeito correcto como para que os pacientes poidan transmitir as súas necesidades e problemas.

O proxecto atópase aliñado cos obxectivos do plan galego de atención primaria 2019- 2021, que en concreto na liña estratéxica 7 (plan de necesidades e priorización das mesmas) , ten o de "adequar

os espazos ás necesidades dos profesionais e os pacientes” e do Plan de Saúde Mental posCOVID19 período 2020- 2024 na liña estratéxica “a recuperación como meta” de mellora nas accións en materia de saúde mental das persoas con especiais necesidades de apoio.

O obxectivo do presente convenio foi establecer as liñas xerais de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e FADEMGa Plena inclusión Galicia para levar a cabo o programa Aténdeme-Enténdeme e outras actividades de sensibilización e formación dos profesionais do Servizo Galego de Saúde e da mellora da comunicación e da accesibilidade coas persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento no ámbito do sistema sanitario público galego. Este convenio de colaboración non establece obrigas ou compromisos de carácter económico para as partes.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non podían satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago,

